



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2016-7

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
5 de Outubro de 2016

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

14:50

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEG0

MEMBROS AUSENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

A C O R D O S :

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SEGUENTES SESIÓNS: ORDINARIA DO 3 DE AGOSTO E EXTRAORDINARIA DO 29 DE AGOSTO DE 2016

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador das actas das sesións do día 3 de agosto e do 29 de agosto. Non se formula ningunha obxección, polo que as ditas actas apróbase por unanimidade.

DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2017

Dáse conta primeiro do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, do 30 de setembro de 2016.

O alcalde dá conta aos asistentes que o pasado 8 de setembro de 2016 remitiuse ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas as liñas fundamentais dos orzamentos municipais para o exercicio do ano 2017. Tómase, no exercicio do ano 2016, a estimación de dereitos e obrigas recoñecidas netas do orzamento a 31 de decembro. No exercicio do ano 2017, a estimación de previsións e créditos iniciais correspondentes ao orzamento de 2016. Auméntase coa taxa de variación da economía para o exercicio do ano 2017, que segundo as previsións do Goberno Central, é do 2,2 %.

Os datos son os seguintes:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Ingresos/Gastos	Ano 2016	% taxa variación 2017/2016	Ano 2017
Ingresos	1.558.967,98	2,20	1.593.265,27
Correntes	1.506.967,98	2,20	1.540.121,27
Capital	52.000,00	2,20	53.144,00
Financeiros	0,00	0,00	0,00
Gastos	1.558.967,98	2,20	1.593.265,26
Correntes	1.423.917,27	2,20	1.455.243,44
Capital	135.050,71	2,20	138.021,82
Financeiros	0,00	0,00	0,00
Saldo operacións non financeiras	0,00		0,01
Axustes para o cálculo de cap. ou neces. financi. SEC95	0,00		0,00
Capacidade ou necesidade de financiamento.	0,00		0,01
Débeda viva	0,00	0,00	0,00
A curto prazo	0,00	0,00	0,00
A longo prazo	0,00	0,00	0,00
Ratio débeda viva/ingresos correntes	0,00	0,00	0,00

O Pleno dáse por informado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DE IMPOSTO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE MONTERREI

O alcalde, de conformidade co que dispón o Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello a conveniencia de acordar unha bonificación do 90% da cota íntegra do IBI das explotacións gandeiras a favor de bens inmobles que desenvolvan unha actividade económica que sexa declarada de especial interese e utilidade municipal. Para facer efectiva esta bonificación será precisa a previa solicitude do suxeito pasivo e que no expediente se xustifique o especial interese ou utilidade municipal (creación de emprego, asentamento de poboación, circunstancias socioeconómicas...)

Dáse conta da memoria da Alcaldía xustificando a modificación, e do informe favorable da Secretaría-Intervención.

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 30 de setembro de 2016.

O alcalde pregunta se hai algunha observación que facer.

Toma a palabra o concelleiro do Grupo Municipal Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, e di:

- Si. En principio, o outro día cando estaban lendo o ditame co que propuñan, por un lado tiña



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

pensado darlle as grazas porque tomara en conta a nosa solicitude, porque llo pediramos no pleno anterior, aínda que se quedaba un pouquiño curta, pero é que agora aínda o vexo máis curto, porque é que o outro día vostede no pleno, cando lle falabamos das explotacións agrogandeiras dixo que ían chegar a máis, que tamén estaban adegas etc, cousa que vexo que neste pleno ou nesta ordenanza non está incluído, está incluíndo só as explotacións gandeiras. E despois tamén como se terminará utilizando, porque hai por aí, en algún sitio que estiven vendo, que queda a criterio do Concello, é dicir, é o Concello quen di se é de interese municipal ou non. Loxicamente vendo en parte coa documentación que presenten os titulares, entón: como se vai facer?, como se vai realizar?.

Respóndelle o alcalde:

- Ben, loxicamente todo isto procede do pleno anterior pero tamén é certo que moitos granxeiros se puxeron en contacto comigo e fixéronme esta petición. Hai que dicilo todo como é. Imos ir paso a paso. E con relación ao tema das granxas, si que é certo que tiñamos o informe favorable do secretario-interventor. Con relación aos outros temas, xa tiñamos máis dificultades para xustificar que non reduciamos o nivel de gasto, que non afectabamos a regra de gasto, co cal teríamos problemas. Estou a falar tamén por exemplo das familias numerosas e do tema de que faláramos tamén de estendelo a adegas e demais. Este é un primeiro paso. Sigamos avanzando nas posibilidades legais que temos de facelo e isto agora é o que nos permite a lei. En futuros próximos xa se verá se podemos aplicar esa redución, esa diminución de IBI no resto, en adegas e demais.

Con relación ao procedemento, loxicamente por parte do Concello vai ser un criterio amplo, é dicir, non se van marcar uns requisitos excesivos, senón non falabamos de exención. Utilizaranse uns criterios xenéricos máis ben e non tanto específicos, como creación de postos de traballo e demais, nivel de ingresos na explotación. Isto non se vai utilizar, vanse utilizar criterios xenéricos: instalacións que están no medio rural, que xeran algo de emprego e demais. Son eses os criterios que se van seguir.

Como lles dicía, faise o tema dos granxeiros porque á parte da súa moción tamén llelo pediron moitos granxeiros ao alcalde. Aquí hai que facer un recordatorio: non é que as granxas estivesen exentas do IBI, que tamén había moita confusión nos granxeiros. Os granxeiros pensaban que estaban exentos do IBI. Non, o que pasa é que non estaban feitos os valores catastrais, e entón, unha vez que se fixo a revisión do trece, pois xa se recollen eses valores catastrais das granxas. En consecuencia pois, loxicamente, nós imos votar a favor da modificación da ordenanza fiscal.

Manifesta o concelleiro de Veciños de Monterrei:

- Se eu non dicía por votar en contra, todo o contrario, eu recoñezo que todo o que se lle poida reducir, e de feito coa nosa idea de política municipal que é fixar a xente no núcleo rural e poder favorecer precisamente que a xente se poida quedar no núcleo rural, eu o que vía era un pouco limitado o baleiro de dicir que era o Concello quen xustificaba se era ou non era de interese municipal. Si é certo que ao mellor é demasiado encadrado o tema de creación de emprego pero si ter unhas bases para que calquera poida chegar e que non teña que facer un máster para poder solicitar esa exención, era o que intentaba aclarar.

A seguir, o presidente somete o asunto a votación e, por unanimidade, o Pleno ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 9 "Bonificacións", da Ordenanza fiscal reguladora do imposto dos bens inmobles, que quedará redactado como



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

segue:

Artigo 9. Bonificacións.

5. Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do IBI as explotacións gandeiras que desenvolvan unha actividade económica que sexa declarada de especial interese e utilidade municipal.

A dita bonificación farase efectiva previa solicitude do suxeito pasivo, e deberá xustificar o especial interese ou utilidade municipal da actividade (creación de emprego, asentamento de poboación, circunstancias socioeconómicas...)"

SEGUNDO. A modificación aplicarase con efectos de 1 de xaneiro de 2017.

TERCEIRO. Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a publicación de anuncios no BOP e no taboleiro de edictos do concello, consonte co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial destas modificacións, a ordenanza fiscal obxecto da proposta converterase en definitiva, sen necesidade da adopción dun novo acordo polo Pleno municipal.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL

O alcalde, conforme ao que dispón o Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón á consideración do Pleno do concello a conveniencia de acordar o aumento da contía da taxa pola prestación do servizo de piscina municipal e a ordenanza reguladora e asemade modificar o artigo 6 da ordenanza reguladora desta.

Dáse conta da memoria da Alcaldía xustificando a modificación e do informe favorable da Secretaría-Intervención.

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 30 de setembro de 2016.

Intervén en primeiro lugar a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego, do seguinte xeito:

- Neste punto temos algunha dúbida. No informe técnico que se expuxo o outro día falan duns gastos de persoal de 10.450,00 €, no que inclúen socorristas e persoal de atención e limpeza. No prego de contratación da oferta da piscina tamén se falaba da prestación do servizo de socorrista e na oferta que finalmente gana o concurso no punto "Plan de emerxencias" fala dos socorristas, pero hai unha subvención do Concello para contratar os socorristas municipais. Entón aí hai unha achega de 7.510 € que se restan a estes gastos de persoa, eses gastos quedarían reducidos a menos de 3.000 €. Entón as contas saen diferentes.

Aclara o secretario do Concello:

- Eses son os gastos que nos deron sen contar o socorrista do Concello.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Continúa a concelleira de Veciños de Monterrei:

- Na memoria pon: gastos de persoal, entre paréntese, suponse que é o que ocasiona eses gastos.

Explica de novo o secretario:

- Pero non incluíu o socorrista do Concello.

Intervén o alcalde e di:

- Á parte este é o primeiro ano que lle demos o socorrista, que nolo dan. Antes tiña que sufragar o concesionario os dous socorristas.

Toma a palabra agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo:

- Realmente nos pregos das cláusulas do concurso dise que os socorristas van por conta do adxudicatario.

Explícalle o alcalde:

- Si, pero este ano tivemos a sorte de que nos deron o socorrista, entón con isto descargamos un pouco o concesionario, que xa vai como vai, claro.

Toma de novo a palabra a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez:

- Entón iso haberá que telo en conta despois á hora de facer as contas.

O secretario engade:

- Iso non se incluíu.

O tema das piscinas, quitando a piscina de Verín, e temos a piscina de Castrelo, a de Riós e a de Oimbra, o Concello á parte diso págalle ao concesionario. En vez de pagar, como nos deron os 200 € a nós, alí os concellos páganlle aos concesionarios.

De novo a concelleira di:

- Hai un prego para unha contratación, un prego da oferta, e entón pensamos que haberá que aterse ao que pon o prego da oferta, o que non se pode é, transcorrendo o tempo, modifícalo, senón a xente que se presenta a ese concurso non sabe a qué se presenta. As condicións terán que seren as mesmas. Se no prego pon "socorristas", o normal é que sexa socorristas. Se me di que o Concello pode facilitar, mellor que mellor, pero iso despois non se pode contar nas contas, na memoria. Iso por unha parte, as contas non están...iso. Por outra parte, algo que nos formula moitas veces a xente, supoño que aquí tamén o veñen formular, é á hora de cobrar a entrada, ter en conta o que está empadroadado no concello e non está empadroadado. Non se está tendo en conta tampouco.

O alcalde aclara:

- Iso non é legal.

E a concelleira de Veciños replica:

Iso non é legal... Estase facendo en todas partes.

O secretario puntualiza:

- Si, pero hai unha directiva da Unión Europea que é clarísima. Xa cando fora da anterior imposición da ordenanza, un dos acordos que intentara poñer a xunta de montes era que os



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

de Monterrei tiveran iso e eu xa dixen que era ilegal. Hai unha directiva europea que di que non se pode discriminar os que están empadroados dos que non están empadroados.

Yolanda Domínguez di entón:

- Se non se pode discriminar, entón no prego de condicións da contratación, como había unha cláusula que daba puntuación a favor do que estivese empadroadado para concederlle a concesión? Podémolo facer para unha cousa si e para a outra non?

Diríxese entón o alcalde á concelleira:

- Rematou? Trátase de que vostede intervén. Vostede formula varias cousas. Eu tratarei de responderlle. Vostede terá outra quenda de palabra e despois rematarei eu.

Eu penso que estamos a confundir as cousas. Unha cousa é o prego de prescricións técnicas e administrativas cando se sacou o tema das piscinas e outra cousa é a modificación da ordenanza que regula o uso da nosa piscina. Agora estamos no punto da modificación da ordenanza. Nós, por que considerabamos que era necesario modificalo?, está claro que levabamos doce anos cos mesmos prezos, son uns prezos, en comparación co resto dos concellos, totalmente ridículos e tiñamos problemas para que houbera concesionarios. É un servizo evidentemente privado, de xestión privada. Eu entendo que non é un servizo que ten que prestar o Concello. Pero atopabámonos co problema de que cos prezos que había...aínda achegando o Concello a obras e demais, e despois no seguinte punto xa lle comentarei algún punto das piscinas de Albarellos. Nas piscinas de Albarellos todos os anos o Concello para poñelas en funcionamento ten que gastar unha cantidade importante de diñeiro.

Unha vez que temos claro que temos que modificar a ordenanza da piscina, ben: que prezos lle establecemos? Uns prezos que máis ou menos sexan parecidos aos da comarca. Eu tiven a curiosidade de preguntar en Oímbra, en Castrelo, en Riós, e temos uns prezos que nun sentido somos un pouco máis caros, noutros un pouco máis baratos, pero en termos xerais eu penso que somos máis baratos que o resto da comarca, aínda cos problemas que iso nos ocasiona.

O tema dos empadroados e non empadroados é totalmente ilegal. Eu entendo que é totalmente ilegal cobrarlle un prezo distinto ao que está empadroadado do que non está empadroadado, cos problemas que ademais xeraría de xestión de todo iso, de coñecer quen está empadroadado, quen non está empadroadado. Crearía uns problemas de xestión administrativa, que á parte dos problemas de xestión económica que ten iso, faría inviable que houbera alguén que collese as piscinas.

En consecuencia, eu creo que é necesario modificar os prezos da piscina.

O resto, o prego, é á parte. O prego, no seu momento, estará aí, aprobado. Se vostedes ven algunha cousiña que non é... tal, lóxicamente, poderán formular reclamacións ou advertirnos o que consideren oportuno. Pero eu penso que neste momento non é o momento de mirar o tema do prego, paréceme a min.

Intervén novamente Yolanda Domínguez:

- Está a falar por unha parte que non é legal o de empadroados e non empadroados. Eu é por iso polo que fixen alusión ao prego, porque se teñen en conta que é ilegal para o da piscina, deberían telo en conta tamén para ofertala.

Dille o alcalde:

- Pero é que son distintas.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

E a concelleira continúa a insistir:

- Non é distinto. Está moitísimo máis claro na lei que é ilegal para ofertalo a unha empresa, que iso está clarísimo que é ilegal, mentras que non está tan claro que é ilegal para cobrarlas, porque temos ben cerca a Eurocidade; as piscinas, o pavillón, en Verín, cobrán distinto prezo ás persoas empadroadas que ás non empadroadas. De feito aquí, nun dos plenos do principio desta lexislatura, fixemos unha petición de que se tivese en conta na Eurocidade a xente empadroada en Monterrei, non só empadroada en Verín, á hora de cobrar e vostede dixo que ía tratar de arranxalo para que si se tivese en conta. Entón, é que non o vía ilegal.

O alcalde di:

- Rematou? Imos ver, o tema da Eurocidade é certo que niso estamos, que nós loxicamente queremos que a todos os veciños de toda a comarca se lle apliquen as mesmas tarifas. Que pasa?, que é unha tramitación caótica. Estamos adheridos á Eurocidade pero agora hai que modificar estatutos, regulamentos de utilización dos diferentes servizos públicos que poden utilizar tanto os nosos veciños portugueses coma nós, e en consecuencia, é un trámite..., pero imos nesa dirección, que todo o mundo pague o mesmo pola utilización da piscina.

Asevera a concelleira:

- Pero non é ilegal.

E o alcalde puntualiza:

- Eu o que entendo é que é ilegal ter uns prezos distintos por estar empadroado ou non estar empadroado. E ademais estoulle a dicir que hai un problema de tramitación administrativa deses expedientes que nos xeraría un problema de xestión administrativa para facer ese traballo e xa temos problemas para atopar o concesionario das piscinas como para por riba meterlle esa carga administrativa.

En consecuencia, eu penso que están claras as posturas e nós, loxicamente, imos aprobar esta modificación da Ordenanza reguladora do servizo de piscina municipal.

Tenta intervir novamente a concelleira:

- Unha cousiña máis.

E o alcalde interrómpea:

- Síntoo, aquí o que pecha os debates é o alcalde.

Insiste Yolanda Domínguez:

- Pero deixeme falar e volve pechar vostede, non hai problema.

E o alcalde explícalle:

- Non. Está vostede na súa segunda quenda de palabra e, en consecuencia, é o alcalde o que pecha o debate.

Logo de rematar, o presidente somete o asunto a votación e o Pleno, por sete votos a favor do Grupo popular e tres votos en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a modificación do punto 1 do artigo 6 "Cotas e tarifas", da Ordenanza reguladora pola prestación do servizo de piscina municipal, que quedará redactado do seguinte xeito:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

1. A contía da taxa pola utilización do servizo da piscina municipal establecerase en función das tarifas seguintes:

A) Abonados; importe.

1. Adulto mensual: 18,00 €
2. Familiar mensual: 20,00 €
3. Infantil mensual: 10,00 €
4. Adulto tempada: 25,00 €
5. Infantil tempada: 15,00 €
6. Familiar tempada: 35,00 €

B) Entrada libre; importe:

1. Adulto: 1,40 €
2. Infantil: 0,80 €

SEGUNDO. A modificación aplicarase con efectos de 1 de xaneiro de 2017.

TERCEIRO. Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a publicación de anuncios no BOP e no taboleiro de edictos do concello, consonte co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial destas modificacións, a ordenanza fiscal obxecto da proposta converterase en definitiva, sen necesidade da adopción dun novo acordo polo Pleno municipal.

DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 14 DE SETEMBRO DE 2016, POLO QUE SE APROBA A ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONTERREI AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CAMPO DE FÚTBOL PRAIA EN VILAZA

Dáse conta primeiro do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Xuventude, Deportes, Cultura e Turismo, do 30 de setembro de 2016.

De seguido, dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, do 14 de setembro de 2016, sobre a adhesión do noso concello ao Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte para a construción dun campo de fútbol praia en Vilaza, o cal é do seguinte teor literal:

"O alcalde lembra que o Concello de Monterrei leva algúns meses xestionando a sinatura dun convenio de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte para a construción dun campo de fútbol praia en Vilaza.

Esta é unha demanda que xa viña facendo a xente moza dende hai tempo e que o equipo de goberno asumiu como propia. O interese polo deporte crece ano a ano e para facer efectiva a súa práctica é preciso dispoñer das instalacións axeitadas.

A intención do Concello é facer de Monterrei un municipio atractivo e para iso é importante contar con servizos que cubran as necesidades e as demandas da poboación, para frear deste xeito, no posible, o éxodo cara a vila da comarca.

Logo dos oportunos trámites e xestións, o día 9 de setembro, a Secretaría Xeral para o Deporte vén de remitir o texto do convenio para a súa aprobación polo órgano competente.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dáse conta do convenio e a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a adhesión do Concello de Monterrei ao Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte para a construción dun campo de fútbol praia en Vilaza.

Segundo. Asumir expresamente as obrigas que lle corresponden do dito convenio, en particular as previstas na cláusula terceira.

Terceiro. Facultar o alcalde, José Luis Suárez Martínez, para a sinatura da adhesión ao dito convenio.

Cuarto. Dar conta deste acordo ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por informado.

DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DO 29 DE AGOSTO DE 2016, POLO QUE SE APROBA O CONVENIO CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DO CENTRO SOCIAL DO CONCELLO DE MONTERREI

Dáse conta primeiro do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Sanidade, Educación, Xuventude, Deportes, Cultura e Turismo, do 30 de setembro de 2016.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, do 29 de agosto de 2016, polo que se aproba o Convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o financiamento das obras de construción do Centro Social do Concello de Monterrei, o cal é do seguinte teor literal:

"O alcalde toma a palabra para dicir que o Concello de Monterrei xa veu pedindo en reiteradas ocasións axuda á Xunta de Galicia para levar a cabo a construción dunha instalación que permita dar a atención axeitada aos nosos maiores. Nesa liña de traballo, con data 31 de outubro de 2007, o Concello cedeu ao Consorcio o predio núm. 1263, no lugar da Cortiña, en Albarellos, cunha superficie de 2.400 metros cadrados, para a futura construción dun centro de día.

Continúa a dicir o alcalde que o día 5 de agosto do pasado ano, foi aprobada por unanimidade na sesión ordinaria do Pleno, unha moción conxunta do BNG e do Partido Popular de Monterrei para retomar as negociacións coa Xunta de cara a conseguir este obxectivo, que é prioritario.

Como froito de todas as negociacións, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar remitiu, o día 23 de agosto deste ano, a proposta do convenio para o financiamento das obras de construción do Centro Social do Concello de Monterrei para a atención ás persoas maiores. No dito convenio o Consorcio comprométese a achegar a cantidade de 200.000 € durante as anualidades de 2016, 2017 e 2018.

Á vista disto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. Aprobar a adhesión do Concello de Monterrei ao Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Monterrei para o financiamento das obras de construción do Centro Social do Concello de Monterrei.

Segundo. Asumir expresamente as obrigas que lle corresponden do dito convenio, en particular as previstas na cláusula terceira.

Terceiro. Facultar o alcalde, José Luis Suárez Martínez, para a sinatura da adhesión ao dito convenio.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Cuarto. Dar conta deste acordo ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por informado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE MONTERREI

O alcalde dá conta da necesidade de crear unha Sede Electrónica neste Municipio co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas entrará en vigor o vindeiro 2 de outubro de 2016, aínda que as previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, réxime de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da Administración e arquivo único electrónico producirán efectos aos dous anos de entrada en vigor da citada lei.

Esta lei pretende que se sistematice toda a regulación relativa ao procedemento administrativo, que se clarifique e integre o contido da Lei 30/1992, de 22 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e se axilicen os procedementos cun pleno funcionamento electrónico, co obxecto de cumprir cos principios constitucionais de eficiencia e seguridade xurídica que deben rexer as actuacións das administracións públicas. A constancia de documentos e actuacións nun arquivo electrónico facilita o cumprimento das obrigas de transparencia, pois permite ofrecer información puntual e áxil, actualizada aos interesados.

Outra das novidades é a declaración de inhabil os sábados, como na Administración de xustiza.

Ante isto, o alcalde explica que, para cumprir coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, é necesario elaborar unha ordenanza que regule os aspectos electrónicos da Administración municipal, a creación e determinación do réxime xurídico propio da sede electrónica, do rexistro electrónico e da xestión electrónica administrativa, para facer efectivo o dereito dos cidadáns ao acceso electrónico non servizos públicos municipais.

Dáse conta da Ordenanza de administración electrónica do Concello de Monterrei e do informe favorable do secretario-interventor do Concello.

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 30 de setembro de 2016.

O alcalde explicalles aos membros da Corporación:

- Como falamos nas comisións informativas, isto é algo ao que nos obriga a nova normativa, tanto de Administración electrónica como as novas leis de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en consecuencia, temos que poñernos ao día neste tema. Vai ser complicado. Ao principio ímolo pasar moi mal pero, ben, eu creo que será bo.

Non se producen intervencións e o presidente somete o asunto a votación. O Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

PRIMEIRO. Aprobamos a Ordenanza que regula a administración electrónica do Concello de Monterrei e crear a sede electrónica do Concello, dispoñible no enderezo URL <https://monterrei.sedelectronica.es>, cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a este Concello.

SEGUNDO. A sede electrónica suxeitase aos principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

TERCEIRO. A sede electrónica será accesible aos cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade a ela.

CUARTO. Tal e como establece a disposición final terceira da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta Lei, poderán ser exercidos en relación cos procedementos e actuacións adaptados a ela, para estes efectos o Concello fará público na sede electrónica e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións.

QUINTO. Establecer que a publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola devandita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

SEXTO. Desde a sede electrónica accederase ao perfil de contratante do Concello, cuxo contido se axustará ao disposto na normativa de contratación.

SÉTIMO. A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- a) A identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e dos responsables da xestión e dos servizos postos nela a disposición dos cidadáns.
- b) A información necesaria para a correcta utilización da sede, que inclúa o mapa da sede electrónica ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.
- c) O sistema de verificación dos certificados da sede e dos selos electrónicos.
- d) Un acceso ao rexistro electrónico e ás normas de creación do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles dende a sede.
- e) A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.
- f) O Inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo Concello.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

g) A relación dos medios electrónicos aos que se refire o artigo 27.4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

h) Unha ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.

i) O acceso, de ser o caso, ao estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.

j) A comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.

k) A indicación da data e hora oficial.

l) O calendario de días hábiles e inhábiles a efectos do cómputo de prazos.

OITAVO. O Concello publicará de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública, todo iso de conformidade coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Neste sentido, o Concello publicará:

- Información institucional, organizativa, e de planificación.
- Información de relevancia xurídica, isto é, normativa propia, tanto ordenanzas ou regulamentos como ordenanzas fiscais ou calquera outras disposicións de carácter xeral.
- Información económica, orzamentaria e estatística.

NOVENO. Habilítase á Alcaldía para que adopte as medidas organizativas necesarias que permitan o desenvolvemento das previsións deste acordo e poida modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

DÉCIMO. A sede electrónica entrará en funcionamento ás cero horas e un segundo do día seguinte ao da publicación definitiva da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

DÉCIMO PRIMEIRO. Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincial de Ourense.

DÉCIMO SEGUNDO. Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a publicación de anuncios no BOP e no taboleiro de edictos do concello, consonte co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

se presentasen reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial, a ordenanza obxecto da proposta converterase en definitiva, sen necesidade da adopción dun novo acordo polo Pleno municipal.

DAR CONTA DO DECRETO DO 12 DE AGOSTO DE 2016, POLO QUE SE DELEGA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE O EXERCICIO DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta primeiro do ditame da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 30 de setembro de 2016.

Dáse conta do decreto da Alcaldía do 12 de agosto de 2016, o cal é do seguinte teor:

"Debido á miña ausencia do concello dende o día 17 ata o 31 de agosto de 2016, ambos os dous incluídos, e de conformidade co establecido nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 43, 44 e 47 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RESOLVO:

Primeiro: delegar no primeiro tenente de alcalde, Salvador Zarraquiños Seguí, o exercicio das funcións da Alcaldía, dende o día 17 ata o 31 de agosto de 2016.

Segundo: notificarlle este decreto ao designado e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da sinatura.

Terceiro: darlle conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por informado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MONTERREI E O BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA NOVA POLÍTICA CONTRA OS INCENDIOS, ASÍ COMO TOMAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POLOS LUMES QUE O CONCELLO DE MONTERREI SUFRIU DURANTE O VERÁN

Dáse conta da moción do Grupo Veciños de Monterrei para que se poña en marcha unha nova política contra os incendios, así como tomar as medidas necesarias para paliar os danos causados polos lumes que este concello sufriu durante o verán, a cal é do seguinte teor literal:

"É de dominio público o dano que os sucesivos incendios causan no noso concello ano tras ano.

Para que iso poida ser revertido, e en vista do fracaso das políticas actuais, é necesario un cambio na forma de facer as cousas, non só destinada á extinción dos distintos lumes que se producen senón tamén á súa prevención.

Por iso mesmo solicitamos a consideración do Pleno para que o Concello se poña en contacto coas administracións pertinentes para que muden as políticas fracasadas e únicas de extinción por outras de prevención.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Teña limpa unha franxa de trinta metros ao redor dos núcleos urbanos, en cumprimento das leis autonómicas.

- Teña limpos os camiños do concello para deste xeito, primeiro, se poidan usar como cortalumes e, segundo, poidan acceder os medios de extinción.

- Solicite das institucións pertinentes medidas para paliar na medida do posible os danos causados polos lumes.

- Coopere cos concellos da contorna para facer máis forza fronte ao resto das administracións".

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Emprego e Medio Rural, do 30 de setembro de 2016.

Deseguido o alcalde pregunta aos voceiros se teñen algo máis que engadir á moción.

Toma a en primeiro lugar a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

- Na moción non. No resto do debate xa lle aclararemos máis cousas. Unicamente que non poida estar Alberto e intentarei defendela polos dous, que foi como se presentou, dentro do que poida.

O alcalde manifesta os seguinte:

- Dende o Grupo Popular, antes de entrar no fondo da moción, nas catro o cinco cuestións que vostedes consideran, gustaríanos facer unhas apreciacións de carácter xeral e con carácter previo.

A nós o que nos parece é dun tremendo oportunismo político facer unha moción deste tipo e presentala ademais en plena campaña electoral. E non digo máis. E ademais convocar unha manifestación en plena campaña electoral. Eu creo que con este tema non se pode facer demagogia e vostedes o que están facendo con esta moción é demagogia sobre o grave problema que ten esta sociedade cos lumes. Parece que a vostedes... o enemigo son os incendiarios, imos telo claro, o enemigo son os que lle prenden lume ao noso monte. Non é un problema nin dos poderes públicos nin de todo o persoal que axuda nos labores de extinción, ao que lle quero agradecer a súa participación nos incendios que tivemos, por desgraza, tanto no mes de xullo, como no mes de agosto, como no mes de setembro. A todos os veciños, a todo o persoal que axudou e colaborou desde Protección Civil, BRIF de Laza, bombeiros do parque de Verín, persoal da Deputación, brigadas contra incendios tanto da Xunta, de Seaga...ao mellor esquézome de alguén, pero non me gustaría deixar a ninguén fóra. Hai que valorar o seu traballo e o seu esforzo, na extinción destes incendios. E se mo permiten, pola parte que me toca, si que teño que destacar o traballo da conselleira, e si que me gustaría que constara na acta o traballo da conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez Mejuto, que estivo dende o minuto cero aquí, nos nosos incendios. Estaba case máis preocupada. Mira que este alcalde estaba preocupado, pero ela pedindo medios, pedindo auxilio, pedindo axuda, porque o tema foi bastante importante. E como lles dicía, nós negámonos en redondo á utilización partidaria deste problema, negámonos a entrar nesta dinámica. Logo xa, tamén outra das cousas que reclamamos é unidade contra os incendiarios e que non se utilice un problema tan grave como o dos lumes para a confrontación política, é unha



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

irresponsabilidade.

Despois, xa con relación ás cuestións que formulan, vostedes formulan o fracaso das políticas de prevención, fracaso das políticas de extinción e que se faga unha política de prevención. Imos ver, vostedes aquí formulan unha dicotomía entre prevención e extinción, como se os bos estivesen na prevención e os malos estivéssemos na extinción. Eu penso que ese non é o camiño. O camiño é buscar unha solución intermedia. Eu pódolle recoñecer que este alcalde quizais é máis partidario da prevención que da extinción, pero: de que vale ter o monte limpo se logo veñen unhas condicións climatolóxicas como viñeron este verán e vén un tolo, un energúmeno, como dixen eu na prensa, e lle prende lume ao noso monte?, que pasa, que non temos medios de extinción? Porque claro, cando vostedes falan de que co que custa unha hora de helicóptero poderían contratarse a non sei cantos traballadores, pero claro, iso é moi bonito dicilo sobre o papel, pero: quen nos garante que a contratación deses traballadores e tendo limpo o monte, despois non arda e non temos helicópteros para apagalo? Eu penso que nisto hai que ser un pouco xusto e equitativo; non se pode estar nin no bando radical da prevención nin no bando radical da extinción. Hai que buscar unha postura intermedia. Eu por exemplo teño discutido co secretario. O convenio que temos asinado con Medio Rural, que é de tres meses, pois é unha auténtica loucura, porque nos meten prevención e extinción. Eu son máis partidario de ao mellor facer un convenio a seis meses, onde nos primeiros tres meses se faga prevención e logo despois no tres seguintes, extinción. Nós iso xa o temos reclamado, pero é que non se pode pedir única e exclusivamente prevención. Hai que pedir as dúas cousas, e nós nese camiño é no que estamos.

En consecuencia, nós non lles podemos votar a favor da moción tal e como está redactada.

Vostede falan de fracaso das políticas actuais. Ben, eu lémbrome no 2006, que gobernaba precisamente no tema dos incendios o Bloque e dirixía a Dirección Xeral unha persoa ademais da nosa comarca e foi o ano que máis incendios houbo, supoño que defendería daquelas a prevención. Pois foi o ano que máis ardeu. Co cal, eu o que lles digo é que variñas máxicas con isto, neste tema, non hai. O que si que temos que ser é todos responsables e nos toque gobernar ou estar na oposición. O importante é solucionar o grave problema que é o lume. Entón, tal e como está redactada xa de inicio a moción nós non lles podemos votar a favor.

A continuación toma a palabra o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia:

- Imos ver. Eu penso que nos estamos equivocando, porque eu penso que todo isto o poderíamos ter arranxado precisamente na comisión e se puido facer unha moción na que puidésemos chegar a un acordo. Empezando por aí.

Vostede empezou falando do oportunismo político. Vostede sabe que nós, igual que fan vostedes, que lle dan publicidade aos actos que cren convenientes e non cren convenientes, nós non lle demos ningún tipo de publicidade a esta moción. E esta moción presentouse bastante despois de que arderan os montes, polo menos bastante despois de que ardera en Estevesiños. Iso por un lado.

Por outro lado, a manifestación en plena campaña. Nós non convocamos ningunha manifestación. Esa manifestación non foi convocada nin por Veciños nin, ata que eu saiba, polo Bloque. É dicir, non foron eles quen a convocaron, inda que estiveran en plena campaña. Iso en segundo lugar.

Despois, a culpa está claro que é dos incendiarios. Eu iso téño moi claro. Eu non lle estou botando a culpa a ningún goberno do lume que está ardendo, eu o que lle estou a dicir é que hai cousas que se poden facer mellor para precisamente intentar evitalos ou poder acabar antes con eles. Non lle deixo de agradecer o traballo á xente que está en extinción de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

incendios. É que me dá a sensación de que nos bota a nós a culpa ou de que nós lles botamos a culpa de que os de extinción de incendios son os que fan mal o traballo. En ningún momento o dixemos.

O do traballo da conselleira, ben, iso xa o deixo á parte, eu aí xa non me meto porque creo que é completamente distinto.

Si é certo que nós avogamos máis pola prevención que pola extinción, pero se le a nosa moción como estivo facendo o secretario, pon aquí: "...é necesario (para nós, para o noso entender) un cambio na forma de facer as cousas, non só destinada á extinción...", o cal non significa que non sexa necesaria. É dicir, nós non estamos criticando a extinción. Igual que cando fala dunha hora de helicóptero, tantos traballadores; na nosa moción eu creo que non aparece nada diso. Nós non estamos dicindo na nosa moción que por unha hora de helicóptero poden estar traballando x traballadores. Eu volvo dicir que a extinción é necesaria, agora, de que non haxa forma de complementala...

Mire, se nós fôsemos oportunistas políticos como vostede di, nós o ano pasado nun pleno dixemos que había que limpar as bocas de rego e vostede case o deixou pasar así un pouco de lado; dixemos que era conveniente nas aldeas, sobre todo as que están máis alonxadas, que houbese unha manguera para, en caso necesario, os veciños, en caso urxente, puidesen ir afrontando ese lume. Dixo que iso que tiña que comentalo, falalo con Protección Civil ou cos bombeiros para ver se era viable. Non sabemos se o preguntou ou non o preguntou porque non nos volveu dicir nada máis. Ese foi no pleno de agosto do ano pasado.

E, con respecto ao tema dos camiños, eu recoñezo que o Concello ao mellor non ten moitos cartos. O ano pasado pregunteille por un convenio que se fixo cunha xunta de montes para limpar determinadas pistas e vostede dixo que o Concello puña o material e o persoal e a xunta de montes que pagaba o gasóleo. Eu supoño que teremos gasóleo polo menos para pagar os camiños veciñais. Entón, eu entendo que eses convenios se deban facer pero cando os camiños veciñais estean limpos. E, é máis, cando se fan as limpeza e as rozas nas aldeas, tamén lle preguntamos algunha vez por que non se recollía a maleza; en Monterrei estivo ata hai uns días sen recoller esa maleza. Iso non é culpa de quen limpa, iso é culpa de quen lle manda facer o traballo. Non lle estamos botando a culpa á xente que está a traballar. Pero, vostede se limpa a súa parcela, non lle deixa que quede a broza tirada, mándaa recoller. Porén, o Concello, como Concello, pode limpar e recollela dentro de seis meses, despois de que pase o verán. Despois de que pase o verán eu creo que xa non é tan necesario, o necesario é facelo antes. Eu creo que esas cousas non son facer política nin é aproveitarse. Perdón, si é facer política, pero non é oportunismo político. E os camiños, eu pódolle dicir alí en Estevesiños, e Marina posiblemente o saiba, que hai camiños que eran os camiños de sempre que gran parte deles están pechados. E non estamos a falar de pistas forestais, estamos a falar de camiños da localidade, que non teñen nada que ver coa xunta do monte.

Di a continuación o alcalde:

- Home, vostede parece que non ve a prensa, nin as convocatorias das manifestacións. Isto, o inicio, é igual que a convocatoria que puña a manifestación da CIGA convocada en Verín. É idéntica. E o Bloque está intimamente relacionado coa CIGA. En consecuencia: "verde e con follas". A introdución do primeiro, se me din vostedes que non é política, entón é que vostedes non están no mundo real. No mundo real que vivimos, entón vostedes non están neste escenario, porque, ben, a convocatoria da manifestación foi feita por quen foi feita con un lema que está claro que se reproduce na súa moción. Se iso non é facer política, apaga e vamos.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Con relación ao que dicía vostede das bocas de extinción e mangueras, é certo que o ano pasado o formularon e eu consulteino con técnicos e dixéronme que era totalmente inoperativo. Ante un incendio, totalmente inoperativo. De carácter verbal, pero díxéronmo técnicos de extinción de incendios. Por temas de seguridade, de coordinación do incendio... inoperativo.

Vostedes agora empezan un pouco a dar marcha atrás..."ben, nós en realidade si falamos de extinción, non só falamos de prevención". No, aquí as cousas claras. Hai, por así dicilo, dúas posturas, unha postura de prevención, que é na que están vostedes, e hai outra postura que é mesturar.

Replicalle o concelleiro ao alcalde:

- Mentira.

Ao que lle di o alcalde:

- Perdoe. Estou falando eu.

Continúa Francisco Javier Limia:

- Non diga o que non é certo.

O alcalde di entón:

- Estou falando eu. Retírolle o uso da palabra.

En consecuencia, vostedes poñen o que poñen na moción.

Intervén a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez:

- Pois lea o que pon na moción.

Continúa o alcalde:

- Con relación a todo o que vostedes formulan, de cambio das políticas forestais, ben, dicirlle que están as directrices no Plan forestal de Galicia, aí están as nosas directrices.

As demais cuestións que formulan, porque nós, efectivamente, despois dos incendios, xa empezamos a traballar sobre o tema e a Consellería púxose a traballar sobre o tema e voulle dar información. De ter limpa unha franxa de 30 metros ao redor dos núcleos urbanos en cumprimento das leis autonómicas?, pois si, sabémolo, pero o Concello ten os medios que ten. E as propiedades, a maior parte do que está sen limpar nesa franxa son de particulares. Os problemas que temos de localización dos particulares e obrígalos a ter efectivamente limpos os seus soares. Temos eses problemas. Nós sabemos cales son as nosas responsabilidades e as nosas competencias, pero o que é, é o que é.

No tocante aos terreos de titularidade en uso público, o Concello dispón de brigadas que realizan a roza manual en parques, prazas e áreas recreativas, dun xeito periódico e dun tractor que realiza o mantemento dos camiños e estradas. Home, eu creo que dentro do que cabe, ao mellor hai algún sitio puntual onde hai algún camiño, onde como vostede di está pechado e non se pasa pero eu creo que este ano démoslle unha volta ben boa, tanto co tractor noso como co tractor da mancomunidade. E logo, como lle dixen antes, temos o Convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural no que temos que facer traballos de roza manual de 20 hectáreas e 30 actuacións mecanizadas, ademais o propio convenio obriga a realizar accións unicamente en terreos de titularidade pública ou en réxime de cesión á entidade municipal. Isto con relación á franxa de 30 metros e de ter limpos os camiños.

"Solicite das institucións pertinentes medidas para paliar na medida do posible os danos



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

causados polos lumes". Isto aquí si que é de interese porque lle temos que dar conta á cidadanía, porque se teñen sacado varias ordes, en concreto no mes de setembro saíu un decreto de liñas de axudas ante os incendios do verán, do que lle daremos traslado a toda a cidadanía para que teña coñecemento disto e, sobre todo, saíu o 3 de outubro unha orde de axudas a particulares por danos en explotacións de todo tipo, dotadas dun millón de euros, para que poidan pedir os particulares. O outro son seis millóns de euros que son para facer actuacións urxentes. Nós imos estar en contacto coas comunidades de montes para explicarlles un pouco cal é o programa. O programa é facer actuacións urxentes na recuperación de montes; por un lado, facer sementados rexenerativos, eliminación de madeira queimada sen valor de mercado para mellorar a posterior rexeneración do arboredo e o aproveitamento da madeira recuperable, mellorar as infraestruturas forestais das zonas queimadas, recuperación de peches gandeiros afectados, e tamén me comentan da posibilidade de facer depósitos de auga e demais para posibles incendios. En consecuencia, nós estamos a traballar, de pedirlle ás institucións medidas para paliar os danos.

E logo: "Coopere cos concellos da contorna para facer máis forza fronte ao resto das administracións". Está claro que é un problema, xa non comarcal, é un problema de ámbito autonómico e por suposto que estamos cooperando con todos os concellos, iso está claro, sobre todo aquí na nosa comarca.

En consecuencia, nós, tal e como está redactado o inicio da moción, sobre todo o inicio, non podemos votar a favor.

O concelleiro de Veciños insiste:

- Vólvolle dicir que nós fixemos as dúas cousas.

Dille o alcalde:

- Doulle unha segunda rolda de palabra e rematamos.

Continúa entón Francisco Javier Limia:

- Nós fixemos as dúas cousas. Non estamos dando marcha atrás porque falamos non só destinar a extinción. Iso por un lado.

O que di das actuacións urxentes dos seis millóns de euros, imaxino que será para toda Galicia. Dígoos porque cando fala de política, no primeiro momento cando arde un monte, sobre todo empezan niso de botar palla para que non se estire, que a auga non leve a cinsa e non leve a terra, supoño que será en sitios que realmente lles importan, porque aquí, cando empece a chover, na parte de Estevesiños, van ver canto queda dese monte, porque iso se se fai, faise pronto, non se fai dentro dun ano, se o queren facer, claro, porque eu non sei se teñen pensado facer algo.

Ao que o alcalde lle di:

- Ben, rematou a súa última quenda de palabra. Con relación a esas axudas, loxicamente son, así o explica o Decreto do 7 de setembro, para os concellos onde houbo incendios. Está claro. E unha das principais actuacións nas que se vai traballar é precisamente de control de riscos hidrolóxicos e erosivos asociados aos incendios. Iso é no que se vai traballar.

O concelleiro de Veciños tenta intervir de novo e o alcalde interrómpeo do seguinte xeito:

- Respectemos as roldas de palabra. O debate péchao este alcalde. Vostede xa tivo dúas ou tres intervencións.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Aclara o concelleiro:

- Dúas.

E remata dicindo o alcalde:

- Ben, pois dúas, e o alcalde é o que pecha o debate.

De seguido, e tralo debate, o alcalde somete o asunto a votación e o Pleno, por tres votos a favor do Grupo Veciños de Monterrei e sete votos en contra do Grupo Popular, ACORDA: Rexeitar a moción do Grupo Veciños de Monterrei para que se poña en marcha unha nova política contra os incendios, así como tomar as medidas necesarias para paliar os danos causados polos lumes que este concello sufriu durante o verán.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

Toma a palabra a concelleira do Grupo Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego, quen formula a seguinte pregunta:

- Con respecto ao campo de fútbol praia do que acaban de darnos conta do acordo: hai algún estudo dos custos de mantemento, algunha memoria do que vai supoñer o mantemento da area, da limpeza, os custos que vai acadar?

Respóndelle o alcalde:

- Hai unha memoria feita. Hai que ver a memoria se reflicte eses custos.

Di a concelleira de Veciños:

- Na memoria non consta nada diso.

Manifesta o alcalde:

- En principio, non debe ter moitos. Fixemos ao lado, onde imos facer o de fútbol praia, un campo de voleibol praia e os custos son mínimos.

Ao que a concelleira lle di:

- E que no fútbol praia xógase descalzo. A area ten que estar escarvada, aireada...e todo iso; e as inundacións ao lado do río de Vilaza non levan a area, non hai que repoñela, non hai que tela limpa...

O alcalde dille:

- Ao campo de voleibol botóuselle area e segue aí, non se repuxo.

Continúa coa súa rolda Yolanda Domínguez e formula o seguinte rogo:

- Un rogo do que penso que é importante que quede constancia: non volvan utilizar, por favor, o nome de centro social como sinónimo de centro de día. Son dúas cousas totalmente diferentes e en ningún caso se poden utilizar como sinónimos. Son dous servizos que son totalmente diferentes e non se poden utilizar como sinónimos, entón queremos pedir que non se volvan utiliza como sinónimos.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

De seguido a concelleira formula unha pregunta:

- Onde se vai facer o centro social?

E o alcalde di:

- Onde se vai facer o centro social?, o centro de día, o centro social?

Incide a concelleira:

- Non. Acabo de dicir que non é o mesmo. Non faga xogos de palabras porque se fai falta facemos aquí unha disertación do que é un centro social e o que é un centro de día. Non o utilice como sinónimo cando sabe que non é o mesmo.

Respóndelle o alcalde:

- O centro social vaise facer en Albarellos.

Pregunta de novo a concelleira:

- Pero no lugar da Cortiña, onde pon aquí.

Explica entón o alcalde:

- Imos ver, iso foi inicialmente. Onde se barallara era aí e, de feito, esa parcela cedéronola, aí está Delfín e pode explicalo mellor. Despois, esa parcela tiña problemas e falamos do soar que hai a carón das piscinas municipais e aí é onde se fará.

Continúa a preguntar Yolanda Domínguez:

- E o convenio co Consorcio está asinado?

Respóndelle o alcalde:

- Si, polo miña parte, e está enviado a Santiago.

Segue a concelleira:

- E se consta no convenio...

Dille o alcalde:

- Ten que volver de volta.

Insiste a concelleira:

- Pero, se consta no convenio que se vai facer no lugar da Cortiña, non haberá problemas se se cambia despois a localización?

Manifesta o alcalde:

- Eu entendo que non vai haber ningún problema.

A concelleira de Veciños agrega:

- Entón os convenios pódese cambiar cada un cando queira.

Dille o alcalde:

- Entón que di, que figura aí?, pois entón si que o temos que ver, se figura aí si.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Detalla a concelleira:

- Nas cláusulas pon:...un centro social para a atención ás persoas maiores no lugar da Cortiña, en Albarellos, Concello de Monterrei.

O alcalde di entón:

- Pois haberá que mirar iso.

Intervén neste momento o secretario do Concello para dicir:

- E hai un problema, está cedido o da Cortiña, ese non está cedido.

Aclara o alcalde:

- O de aquí está falado coa xunta de aquí, non está Alberto pero tamén o pode certificar. En principio hai acordo da xunta para cedernos ese predio.

A voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez, é a que fala agora:

- Entón é un pouco adiantado dar conta de todo isto, non?

Pregúntalle o alcalde:

- Por que?

Di a concelleira de Veciños de Monterrei, Yolanda Domínguez Gallego:

- Porque se o terreo non é, o que quere facer non está cedido, o pacto que está asinado está sobre un terreo que non é.

Manifesta o alcalde:

- Imos ver, pode haber algún problema puntual no convenio, de situación, pero o que está claro é que hai 200.000 € para facer un centro social en Albarellos de Monterrei. Punto. Non sei onde está o debate.

De novo intervén a voceira do Grupo Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola:

- Non se xera debate. É unha solicitude, un rogo.

Ao que o alcalde lle di:

- Cando lle toque a vostede.

Aclara a voceira de Veciños:

- Pero é en relación a isto.

E o alcalde dá por concluído o punto do seguinte xeito:

- Non hai debate neste punto.

É agora Yolanda Domínguez Gallego a que continúa cunha nova pregunta:

- O convenio da pista de fútbol praia está asinado tamén?

Respóndelle o alcalde:

- Si.

Segue a preguntar a concelleira de Veciños:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Está asinado tal e como se nos deu a copia?

A xustificación do pagamento das axudas vaino pagar o Concello da Peroxa, ou sexa, perfecto que se faga o campo de fútbol praia. E tamén darlle os parabéns polo seu feminismo, a alcaldesa. Deberían ter un pouquiño de coidado ao facer papeis. Isto xa é facelo de chiste.

De seguido é Francisco Javier Limia o que formula os seguintes rogos e preguntas:

- En Mixós, ao final da localidade, unha casa que está soa, que é casa do Amable, dende o cruceiro non hai ningún tipo de luz e a unha muller maior deberíase levar algún tipo de iluminación pública.

- A fonte da praza Ángel Medeiros, a ver se a base de repetirillo dunha vez a van arranxar.

- Se xa foron arranxar as rúas de Infesta ou cando teñen pensado facelo.

A esta última respóndelle o alcalde:

- As rúas de Infesta farémolas cando poidamos, cando teñamos dispoñibilidade orzamentaria.

É agora a quenda da voceira de Veciños de Monterrei, María del Carmen Sola Pérez coas seguintes cuestións:

- Isto tiña relación co de antes, porque ao final quería pedirlle que nos facilitase toda esta información, toda esta documentación que estivemos debatindo aquí, antes das comisións porque así todas estas dúbidas podíamos telas aclarado aquel día e agora quedannos no aire.

Manifesta o alcalde:

- Eu aí entendo que unha vez que se fai a convocatoria, o expediente está na Secretaría e pódese vir consultar uns días antes da comisión. O expediente está á súa disposición na Secretaría.

Dille a voceira de Veciños:

- O próximo día intentaremos que nos teñan toda a documentación antes, a ver se alguén pode vir recollela.

E continúa:

- Eu rogaríalle que no centro social se asegure que a xestión vai ser pública non só os cinco anos primeiros que pon o convenio senón despois tamén.

- No pleno anterior preguntei como podía ser que se lle estivese a cobrar os 150 € de taxa de recollida de lixo ás granxas do concello e non teren o contedor. O señor secretario tomou a palabra para insinuar que aínda se lles tiña que cobrar máis. Está a acta aí. Como todo se sabe, estos días díxéronme que no Concello de Cualedro, do cal tamén é vostede secretario e polo tanto está vostede ao tanto de todo, o ano pasado xa se lles cobrou a metade dos 110 €, precisamente porque os gandeiros protestaran.

O alcalde explícalle:

- Precisamente lle ía contestar a esa pregunta, eu xa lle dixera que lle ía contestar nesta sesión. Efectivamente, revisamos o tema e, imos ver, as granxas, como tal servizo de recollida de lixo de materia orgánica, non teñen obrigación. Eles o que teñen é que ter un sistema de xestión propia dos residuos que xeren. Agora ben, se dende Sanidade lle esixen que se certifique que teñen servizo de recollida de lixo, pois, obviamente, hai que lles aplicar unha taxa. A taxa loxicamente de 110 € é moi inferior ao suposto de que lle tivésenos que



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

poñer alí un contedor e tivesen que ir recoller diariamente o lixo á granxa. Pero, no senso contrario, tamén hai que dicir que 110 €, sen ter contedor, e sen ter practicamente materia orgánica, pois é certo que é unha taxa alta e que a ímos revisar. Aí si que lle teño que darlle a razón e efectivamente, como se fai noutros concellos, pois tamén modificaremos a taxa desa recollida de lixo.

Finaliza coa súa intervención María del Carmen Sola co seguinte rogo:

- Que arranxen as fochancas que hai na estrada que vai dende Monterrei á Pousa, e na Pousa, as da aldea, porque está estragado.

Remata o alcalde:

- As fochancas no camiño? Si, xa mo dixeran.

Máis nada?

Moitas grazas a todos.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,

O secretario,

